

OFERTA DE EMPREGO PARA POSTO DE ENXEÑERÍA ELECTRÓNICA I+D+i

13/12/2017 11:50

ENXEÑEIRO/A ELECTRÓNICO/A I+D+i

POSTO:

Enxeñeiro/a de telecomunicacións ou industrial, especialidade electrónica, para posto de deseño electrónico, desenvolvemento de hardware e innovación tecnolóxica na empresa cooperativa Strelia Electrotecnia (strelia.pro).

Para traballar en sectores como a oceanografía, agro-forestal, redes de comunicacións radio, IoT, ciencias da terra, eficiencia enerxética, oficina técnica de telecomunicacións, acuicultura.

REQUISITOS:

- Con **experiencia** no desenvolvemento de solucións de electrónica profesional **en áreas como:**

Telemetría	Instrumentación	FPGAs
Micro-controladores	Electrónica dixital e analóxica	Arduino
Sensores	Protocolos de comunicación e buses	Raspberry Pi e equivalentes
Control industrial	Sistemas radio	
Telecomunicacións	PCBs	

- Con **capacidade e interese** para participar na definición das estratexias empresariais e comerciais, xeración de negocio, tramitacións administrativas e redacción e desenvolvemento de proxectos e traballos técnicos de campo, alén da función principal de desenvolvemento electrónico.
- Capacidade de traballo en equipo en ambiente de organización industrial e fabricación.
- Orientación á organización e á metodoloxía.
- Valorárase experiencia en sociedades cooperativas.
- Idiomas: galego/portugués, español e inglés fluídos.
- Familiaridade con software libre e linux.
- Residencia na área de Compostela.

OFRÉCESE:

- Contrato laboral por seis meses e posíbel incorporación como persoa socia na cooperativa.
- Salario inicial: **14.400 € br/ano** + 4.800 € para achegas ao capital social.
- Horario: 08:00-17:00 e venres de 08:00-14:00. Posibilidades de tele-traballo parcial e conciliación familiar.
- Ambiente de traballo colaborador. Organización, profesionalidade e participación na empresa.
- Formación continua e **desenvolvemento dun perfil profesional de I+D de altas competencias.**
- **Incorporación: xaneiro 2018.**

Envío de CV a: info@strelia.pro